



Centos de persoas adican a fin de semana a coñecer a feira. ADC

#### DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

**T**raballo e ilusión son dúas das claves que fixeron posible a pervivencia dunha das feiras multisectoriais máis significativas de Galicia. Trátase da Mostra Exposición de Muimenta - Moexmu.

A cita, que será pregoada por un dos seus fundadores, Manuel Vila López, incluírá unha subasta de gando selecto e un concurso de gando frisón, no que se incrementará a concorrencia de exemplares e no que, entre outras novidades, estará o feito de que por primeira vez haberá un apartado para premiar ás primeirizas de menos de 26 meses, e unha sección para vacas que leven producidos máis de 50.000 quilos de leite. Tamén se celebrará a vixésimo terceira Exposición de Raza Rubia Galega, na que a Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno de Raza Rubia Galega (Acruga) amosará sete novelas de recría da Granxa Gaioso Castro.

Así mesmo, incluíranse novidades no programa, que bota a andar mañá. É o caso dunha exposición de 600, na que se poderán modelos de cada serie deste mítico automóbil, e da emotiva inauguración dunha exposición fotográfica conformada por 22 instantáneas nas que se retrata a veciños de Muimenta. Dita colección amosouse por primeira vez na segunda edición da Moexmu, cando esta aínda se celebraba no centro de Muimenta. Dende entón a cita mudou substancialmente. Na actualidade, celébrase no recinto feiral *Manuel Vila*, onde ocupa unha superficie de máis de 25.000 metros cadrados, e conta cun orzamento duns 100.000 euros.

## A MOEXMU SEGUE A SORPRENDER ÓS ASISTENTES

### VIXÉSIMO QUINTA EDICIÓN.

A Mostra Exposición de Muimenta mantén tradicións ó tempo que inclúe novidades no seu programa de actos